

Convenio	Data sinatura
Convenio de colaboración coa entidade Gabinete Técnico Agropecuario Terra Chá	10-3-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Xestega Enxeñería Agroforestal</i>	18-3-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Asociación de Gandeiros da Fonsagrada</i>	18-3-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.</i>	18-3-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Adgestión, Sociedad Cooperativa Galega</i>	18-3-2009
Convenio de colaboración coa entidade Aconsellamento integral de explotacións	31-3-2009
Convenio de colaboración coa entidade Dinamización do Medio Rural	30-3-2009
Convenio de colaboración coa entidade Xestión e Aconsellamento	30-3-2009

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 16 de xuño de 2009 pola que se fai público o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica polo que se modifican as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas.*

Mediante Resolución do 4 de novembro de 2008 publicouse o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aprobou as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (DOG nº 215, do 5 de novembro).

As ditas bases foron modificadas mediante Resolución do 23 de xaneiro de 2009 (DOG nº 19, do 28 de xaneiro), ampliada a súa dotación orzamentaria mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009 (DOG nº 29, do 11 de febreiro) e modificadas mediante Resolución do 20 de marzo de 2009 (DOG nº 61, do 30 de marzo).

Considerando que o sector lácteo galego atravesara un difícil momento, non alleo á situación internacional, xa que o incremento da oferta e a caída da demanda provocan unha difícil situación nas explotacións leiteiras.

Que as explotacións en proceso de reestruturación que fixeron un esforzo por redimensionar a súa capacidade produtiva mediante realización de investimentos en compra de dereitos de produción (cota

láctea) ou na mellora dos seus medios de produción e que se viron obrigadas a contraer obrigas con entidades bancarias vense particularmente afectadas pois con dificultades financeiras encóntranse derivadas da diminución anormal dos prezos no mercado do leite.

Por estes motivos, para que determinadas explotacións poidan facer fronte a esta situación e permitir a viabilidade e o seu normal funcionamento, que serve de tecido básico no rural galego, é necesaria a adopción de medidas financeiras específicas dentro do marco vixente de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das Pemes.

Por outra banda, debido ao elevado número de solicitudes presentadas ao abeiro das tres liñas de axuda establecidas nas citadas bases (programa de apoio ao circulante, programa de refinanciamento de pasivos e programa de ampliación de capital) e manténdose a situación de dificultade ao acceso ao financiamento por parte das Pemes, parece oportuno incrementar o importe para as axudas establecidas.

Por todo o anterior, e en virtude das facultades que teño conferidas

### RESOLVO:

Primeiro.-Publicar a modificación das bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, feitas públicas mediante Resolución do 4 de novembro de 2008 (DOG nº 215, do 5 de novembro), que inclúe a seguinte disposición adicional:

«Disposición adicional:

1. Poderán acceder aos apoios adicionais específicos as pequenas e medianas empresas que desenvolvan as seguintes actividades:

-Explotación de gando bovino para a produción de leite (CNAE 2009: 01.41)

-Fabricación de produtos lácteos (CNAE 2009: 10.5) ou ben comercio por xunto de produtos lácteos (CNAE 2009: 46.33), neste caso soamente cooperativas ou sociedades agrarias de transformación.

2. Estes apoios adicionais consistirán en engadir aos xa establecidos no artigo 7.1º destas bases unha subsidiación equivalente ao euríbor a prazo de seis meses, cun máximo de 2,00 puntos, coa finalidade de que o tipo de xuro sexa cero para o beneficiario.

3. Para os referidos beneficiarios non será de aplicación o sistema de cálculo das axudas financeiras establecido no artigo 7.2º, que se substitúe polo seguinte:

a) A axuda financeira que se conceda pagarase con periodicidade anual para os períodos de liquidación vencidos e corresponderase co tipo de xuro ordinario aplicado nas respectivas liquidacións.

b) No caso de que o préstamo fose formalizado a un prazo superior a 7 anos, a subsidiación e a comisión de aval da SGR, se for o caso, calcularase de xeito teórico, como se fose a 7 anos, incluída a carencia. Tomarase como base de liquidación o ano comercial (360 días).

c) No caso de que o euríbor a 6 meses aplicado supere o 2%, realizarase o cálculo teórico aplicando o dito máximo de 2 puntos máis o diferencial pactado.

4. Tampouco lles será de aplicación a estes beneficiarios o método de solicitude de cobramento e pagamento da subsidiación establecido no artigo 14.1º, que se substitúe o seguinte:

«Os beneficiarios destas axudas deberán solicitar o cobramento da subvención concedida no prazo de dous meses desde a data da súa formalización ou ben desde a resolución de concesión da axuda por parte do Igape, no caso de que sexa posterior».

5. Con relación a estes beneficiarios non será de aplicación o método de solicitude de cobramento e pagamento da subsidiación establecido no artigo 14.4º das bases, senón o seguinte:

«Unha vez verificada a documentación presentada, o Igape comunicará ao beneficiario e á entidade financeira a súa validación, o que posibilitará o aboamento anual da subsidiación.

Para realizar este aboamento anual, a entidade financeira que concedeu a operación deberá remitir ao Igape nos 15 primeiros días seguintes ao vencemento do primeiro ano desde a formalización certificación acreditativa dos xuros producidos. Esta certificación deberá corresponderse co modelo que figurará na páxina web do Igape.

Unha vez recibida a dita certificación, o Igape liquidará o importe da axuda a través da entidade financeira, quen aboará ao beneficiario na mesma data valor en que o Igape lle ingrese a cantidade.

Con independencia do sistema de pagamento da subsidiación establecido con anterioridade, e unha vez transcorridos os tres primeiros anos, o Igape reserva para si a facultade de pagar anticipadamente a subsidiación. O importe da liquidación anticipada destinarase á amortización do principal do préstamo. A entidade financeira deberá remitir ao Igape, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao aboamento da subsidiación, o extracto da conta do préstamo onde figure o capital amortizado.

O importe da subvención anticipada será o valor actualizado ao tipo de xuro legal do diñeiro das cantidades que se reportarían en concepto de subvención durante o período non vencido, aplicando os puntos de subsidiación».

Segundo.-Modifícase o artigo 8.2º das bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (DOG nº

215, do 5 de novembro), que queda redactado do seguinte xeito.

«8.2.-A subvencións financeiras que se concedan ao abeiro destas bases terán a consideración de axuda de mínimos e cumpriran o establecido no Regulamento (CE) nº 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de mínimos (DOUE L 379/5, do 28 de decembro de 2006). As axudas de mínimos totais que se concedan a unha mesma empresa non poderán superar 200.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais. Este límite será de 100.000 € para as empresas do sector do transporte por estrada. Para as empresas que operen no sector primario pesqueiro este límite será de 30.000 €, respectando o Regulamento 875/2007, da Comisión, do 24 de xullo de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de mínimos no sector pesqueiro (DOUE L 337/2007). Para as empresas que operen no sector primario da produción de produtos agrícolas este límite será de 7.500 €, respectando o Regulamento 1535/2007, da Comisión, do 20 de decembro de 2007 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de mínimos no sector da produción de produtos agrícolas (DOUE L 337/2007)».

Terceiro.-Amplíase en 7.600.000 € o crédito dispoñible das axudas do Igape para o apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas establecido na partida con cargo á aplicación orzamentaria 02.01-E5/10/01-656700 cun crédito plurianual de 6.000.000 € para o exercicio 2009, de 895.000 € para o exercicio 2010, de 275.000 € para o exercicio 2011, de 180.000 € para o exercicio 2012 e de 250.000 euros para o exercicio 2013. A concesión das axudas estará supeditada á existencia de crédito orzamentario suficiente.

Os ditos créditos, á vista das solicitudes presentadas, poderán ser modificados e/ou ampliados polo Igape, do cal se dará a correspondente publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Autorízase o director xeral do Igape para establecer os termos e condicións dun convenio de colaboración a subscribir coa Consellería do Medio Rural para que determinadas explotacións leiteiras poidan facer fronte á situación de crise que atravesan e permitir a viabilidade e o seu normal funcionamento, que serve de tecido básico no rural galego, cun custo adicional para o Igape que non superará os 555.000 € do crédito dispoñible o que se fai referencia no anterior punto.

Quinto.-Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción  
Económica